


# Cheimonophyllum pontevedrense, un novo veciño de Lérez

Jaime B. Blanco-Dios, Asociación Micolóxica Brincaboís. Pontevedra. [brincaboís@gmail.com](mailto:brincaboís@gmail.com)




Galiza alberga unha rica flora micolóxica, da que, ata o momento, coñécese a presenza duns 2.400 taxóns (entre especies, variedades e formas). Entre todos estes fungos temos aqueles que foron descubertos, descritos e publicados como novos para a ciencia dende Galiza a partir de colleitas galegas e unha de

León (23 especies, 6 variedades e 1 forma), nos últimos anos na maioría dos casos, polo que o coñecemento da súa distribución mundial é, en xeral, limitado, salvo casos moi concretos como *Agaricus freirei* Blanco-Dios. Este champiñón tóxico, descrito en 2001 de material procedente das dunas da península de O Grove

(Pontevedra), na actualidade é coñecido dunha extensa franxa litoral de varios países europeos, que abrangue dende a Bretaña ata as Landas no litoral atlántico francés, algúns puntos de Galiza, Estremadura portuguesa, Costa Azul francesa, chaira do río Po no norte de Italia e sur da illa de Sicilia.

Un destes novos taxóns para a ciencia é veciño de Lérez e chámase *Cheimonophyllum pontevedrense* Blanco-Dios. Este fungo foi atopado por primeira vez nunha saída ao monte das Pías (Lérez) a ver e a apañar cogomelos para facer unha exposición, actividade incluída dentro dunhas xornadas de acercamento ao mundo dos cogomelos financiadas pola Concellería de Normalización Lingüística do concello de Pontevedra na que participaron as escolas de Lérez, Campañó, Santo André de Xeve e Verducido. Este pequeno cogomelo (os exemplares atopados miden entre 2,5 e 19 mm de diámetro do sombreiro) apareceu sobre madeira morta de toxo (*Ulex europaeus* L. subsp. *europaeus*) aínda en pé.

O xénero *Cheimonophyllum* caracterízase por producir cogomelos lignícolas (viven sobre madeira de diversas especies leñosas), de pequeno tamaño (<20 mm diam.), con sombreiro de cor branca, crema ou rosada, pé ausente ou moi curto e insertado lateralmente, pleurotoides (con aspecto semellante, aínda que moito máis pequenos, aos coñecidos cogomelos de ostra (*Pleurotus ostreatus*) que podemos atopar con facilidade nos establecementos de alimentación, ou aos cogomelos de cardo (*Pleurotus eryngii*) tan populares nas comunidades autónomas do centro da Península Ibérica pola súa recollida familiar nas parameiras, asociados ás raiceiras do cardo corredor ou doutros cardos semellantes (*Eryngium* spp.))



e finalmente, a nivel microscópico, caracterizan ao xénero *Cheimonophyllum* a presenza de esporas globosas ou subglobosas.

Ata o momento, a nivel mundial soamente outras tres especies do xénero *Cheimonophyllum* son coñecidas e aceptadas: *C. candidissimum* (Berk. & M.A.Curtis) Singer, a especie máis común do xénero, coñecida de Europa, norte de África, Norte, Centro e Sur de América, Australia e Nova Zelandia, *C. roseum* Segedin, coñecido polo momento só de Nova Zelandia e *C. stipticoides* (Speg.) Singer, atopada soamente en Chile.

*Cheimonophyllum pontevedrense* é unha especie ben diferenciada respecto ás outras tres especies coñecidas no mundo pola seguinte combinación de características: (1) sombreiro cor crema (branco e algodooso en e perto do punto de inserción do pé), (2) laminiñas longamente decurrentes ou que se estenden ata a inserción do pé, (3) pé sempre presente, total e densamente algodónoso ou,

cando menos, na base, (4) cheiro e sabor a peixe, (5) hábitat na madeira de arbustos (toxo) e, a nivel microscópico (6) esporas pequenas e xeralmente globosas e (7) queilocistidios e células terminais da estipitipellis de variadas formas.

O artigo coa descrición completa de *Cheimonophyllum pontevedrense* será publicado no vindeiro número de decembro deste ano 2013 da revista científica *Cryptogamie, Mycologie*, publicada polo Muséum National D'histoire Naturelle de Paris. No presente artigo adiantamos unha das fotografías que sairán publicadas no citado estudo.

Por último, dicir que na escola de Lérez, houbo desde o momento que atopamos este cogomelo unha "tormenta de ideas" encabezada e promovida polo seu director, Luis Losada, co fin de darlle un nome popular a esta nova especie, pero aínda non houbo *fumata* branca....